


ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O PLAN COMUNITARIO DE TEIS



Santiago de Compostela a 15 de Abril de 2014

REUNIDOS



Dunha parte D. Roberto Rodriguez Martinez, con D.N.I. número 34 887 660 H en calidade de xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, do que é titular en virtude das facultades representativas propias do seu cargo, derivadas do seu nomeamento, publicado no DOG Nº 115, 15 de xuño de 2009.

Doutra parte, D. Eduardo García Crespo, na súa calidade de Presidente do Plan Comunitario de Teis, elixido en Asemblea Xeral de 25 de setembro de 2003 e segundo consta no artigo 30 dos estatutos da asociación que lle atribúen a representación pública do mesmo.



Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente acordo.

MANIFESTAN

I.- A asociación Plan Comunitario de Teis, ten entre os seus obxectivos fomentar a interacción no barrio de todos os sectores sociais; desenvolver proxectos e actividades tendentes á potenciación da saúde, educación, cultura e benestar, así como, fomentar a participación cidadá na resolución dos problemas que lles afecten e realizar todo tipo de intervención lexítima para mellorar a calidade de vida da cidadanía.

II.- O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, no seu **Documento Técnico Os Centros de Día no Consorcio**, publicado pola Área de Benestar recolle no seu capítulo 4, entre outras, as seguintes liñas básicas e transversais que han de sustentar a intervención en todos os Centros de atención xerontolóxica do Consorcio e que han de facer seus todos os profesionais, usuarios e contorno coidador:

- a) **Atención global e integral:** as intervencións centraranse na dimensión bio-psicosocial das persoas usuarias así como no seu contorno familiar e comunitario.
- k) **Promoción do carácter comunitario**, facilitando o uso do centro por persoas non usuarias en actuacións pautadas e facendo uso doutros recursos de proximidade dos que poidan ser beneficiarias as persoas usuarias.

III.- No obxecto do acordo concorren singulares circunstancias de interese público, social, e humanitario e por tal motivo ambas partes coinciden na necesidade de establecer unha cooperación que tenda a aunar os seus esforzos de cara a

1. Concretar en proxectos os piares básicos que sustentan a intervención dos Centros de Día de Atención a persoas maiores do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.